

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, por medios dos seus integrantes **Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ás necesidades do IES Teis de Vigo.

Exposición de motivos

O centro educativo público IES de Teis imparte ciclos da familia profesional de informática ademais de imaxe persoal o que supón contar cun moi elevado número de equipos informáticos conectados á rede por ADSL. Este centro público é dos máis importantes de Galicia na impartición dos devanditos ciclos formativos ao dispoñer de 31 postos de traballo activos nos 6 obradoiros informáticos e as dúas aulas con 16 postos cada unha.

Os procesos de ensino aprendizaxe do centro reséntense grandemente toda vez que as probas de velocidade arrojan cifras que revelan que a maioría do alumnado dispón dunha conexión na súa casa que mellora por tres ou catro os datos das probas de velocidade realizadas no centro. O volume dos equipos que teñen que funcionar simultaneamente excede o número de 200, provocando que resulte unha fazaña poder empregar as novas tecnoloxías, a saber, documentos en liña, servizos de almacenamento na nube, acceso ás plataformas formativas... para provocar unha e outra vez mesmo o bloqueo dos equipos.

O centro emprega un servizo contratado pola Xunta coa empresa R, mediante a subcontratación das liñas existentes, que son de Telefónica, dado que R non dispón de cable propio para dar servizo ao centro. E a propia Telefónica recoñece que o cableado existente e os equipos na central máis próxima e a distancia á mesma limitan severamente a capacidade das liñas ADSL do centro.

Doutra banda a necesidade de aplicar a normativa LOE aos ciclos de estética e de beleza e asesoría da imaxe persoal para este vindeiro curso educativo comportará contra con espazos ampliados para ofrecer a totalidade dos módulos. A consellaría pola contra parece preferir limitar para o réxime de adultos unha oferta parcial, que abrangue só parte dos módulos.

Falla de espazo para a docencia que atinxe tamén o 2º curso da FP Básica para o vindeiro curso , ao punto de misturar no mesmo espazo educativo o 2º curso da FP básica de informática e comunicacións coa impartición do ciclo de madeira e outros materiais.

Polo referido o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a desenvolver as medidas axeitadas para procurar que as comunicacións que empregan os equipos informáticos do centro sexan as axeitadas ás prácticas educativas que se imparten.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a garantir a ampliación dos espazos educativos do centro de maneira que se atopen en condicións de impartir os novos ciclos e a FP Básica.

En Compostela, a 18 de xuño do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 18/06/2015 13:37:28

Yolanda Díaz Pérez na data 18/06/2015 13:37:32

Jose Javier Ron Fernandez na data 18/06/2015 13:37:36